

GRUPOS DE TRABAJO



1. COMISIONS:

1.1. ASAMBLEAS:

Foro de reunión e debate onde nos reunimos para discutir determinadas cuestións e adoptar decisións sobre elas. Ademáis das Assembleas nas prazas da cidade, estamos a exportar esta iniciativa ás asociacións de veciños e aos núcleos rurais da nosa comarca.

1.1.1. ASEMBLEAS PEREGRINA:

- Organización e provisión de propostas.
- Organización e xestión de Assembleas: recompilación de temas a debater e/ou aprobar, procura de contactos para as charlas informativas, difusión.
- Redacción e publicación da Orde do día.
- Publicación de Actas.
- Elaboración e redacción dos diferentes documentos derivados da actividade assemblearia.

1.1.2. ASEMBLEAS ITINERANTES:

- Organización e xestión de Assembleas: recompilación de temas a debater e/ou aprobar, procura de contactos para as charlas informativas, difusión.
- Redacción da Orde do día e das Actas de Asamblea.
- Elaboración e redacción dos diferentes documentos derivados da actividade assemblearia.

1.2. ACIÓN DIRECTA:

Ten coma finalidade a realización autoorganizada dunha iniciativa grupal, enfocada a dar respostas puntuais a situacións concretas, ou ben para a creación de condicións máis favorables, usando os medios dispoñibles. Neste senso, o movemento cidadán Indígnate – Pontevedra, ten realizada as seguintes accións:

- “Limpeza dos bancos”. Actividade que consistiu na limpeza das vidreiras de certas oficinas bancarias, para escenificala nosa esixencia dunha transparencia absoluta a cargo dos poderes financeiros.
- “Performance – Marcha Circense”. Consideramos que a democracia que nos rixe, é un “circo” e así se metaforizo unas rúas de Pontevedra, mediante un desfile con persoaxes vestidos de payasos e demais disfraces.
- Masa crítica. Marcha cicloturista co obxectivo de concienciar e incentivar o uso dos medios de transporte que respectan ao Medio Ambiente.
- Manifestación 19X.

1.3. GRUPO DE TRABALLOS TEMÁTICOS:

Levan a cabo a labor de documentación nas redes sociais daqueles temas obxecto de debate nas Asambleas. É un espazo no que se pretende fomentalo espírito crítico e polo tanto concienciar en que é o debate o mellor medio para a resolución dos problemas cos que día a día nos temos que enfrontar.

1.4. ASUNTOS GALIZA:

Esta comisión ten por obxecto dar voz nas xuntanzas aos Galegos con raíces na Arxentina, Uruguai, Cuba, etc, que residen na nosa comarca para que expoñan as súas inquedanzas persoais e trasladen a Historia dos seus países de acollida.

- Outro dous eidos nos que se está a traballar é no fomento da cultura galega.
- Dita comisión encárgase asemade da tradución de documentos ao galego.

1.5. COMUNICACIÓN PRENSA E REDES SOCIAIS:

Este grupo de traballo ten o cometido fundamental de procurar a difusión das nosas actividades, mediante o traslado e publicación da documentación xerada polo movemento cidadán, aos medios de comunicación e nas distintas redes sociais.

- Sección de Prensa:

Remite á prensa as ordes do día e as actas aprobadas. Asímesmo, remítese as nota de prensa cun resumo do día e as previsións de actividades para os vindeiros días.
- Sección Web:

Subir noticias e actualizar eventos.- Facebook e en menor medida twitter Youtube. Subir vídeos de TV ou radio.
- Sección de redes sociais:

Administración do perfil de facebook: Toma a rúa. Indígnache Pontevedra (perfil público), DRX e Odo grupo fechado de traballo Toma a rúa.
- Comunicación electrónica.
 - Google groups.
 - Correo electrónico indignateponte@gmail.com

1.6. PERIÓDICO INDIGNADO:

O noso periódico pretende ter periodicidade mensual tendo por obxecto principal difundir entre a cidadanía os manifestos, documentos da plataforma e os artigos de opinión de aqueles cidadáns que queren colaborar con este proxecto.

- Ademáis encárgase da maquetación e impresión do mesmo. A súa financiación corre a conta dos donativos particulares que se están a facer nas Asambleas.

1.7. COMUNICACIÓN EXTERNA:

Xenéricamente, este grupo recompila a información do grupo de apoio local. Recolle as cuestións expostas dende outras cidades e trasladalas a Pontevedra, ao mesmo tempo que de Pontevedra se trasladan ao grupo de Apoio Local.

- Desenvolvemento da ferramenta informática n-1.
- Seguimento dos perfís en facebook doutras acampadas para conocelas actividades que están a desenvolver.
- Acampadas: Seguimento das acampadas en tomalaplaza.net:

<http://forogalegoacampadas.wikispaces.com/space/changes>

- Comunicación electrónica:
 - Correo: indignateponte@gmail.com
 - Google Groups: acampadagalicia.
- Periódico. Contidos comúns doutras acampadas.
- Liñas abertas de traballo:

Seguimento da evolución da plataforma N-1, que nos permita traballar baixo a forma de asembleas galegas. Propoñen un Nome desde Obradoiro: RE GA DÁS. (Rede galega de asembleas). Porponen crear un modelo de grupos de organización para ter unha estrutura organizativa similar en todas as acampadas. Facilitaría a creación de grupos de traballo nos que figuren persoas de cada acampada.

1.8. DIFUSIÓN:

- Organizar a difusión na rúa con octavillas que recollen as convocatorias de Asemblea xunto coas reivindicacións que esta plataforma quere achegar á cidadanía.
- Difusión diaria dos contidos das asembleas.

1.9. INFORMACIÓN:

- Cubrir o Posto de Información ubicado no punto de encontro que temos actualmente na Alameda de Pontevedra.
- Recoller a documentación (octavillas, periódico, etc) diariamente para tela permanentemente no punto de información ao cidadán.
- Labores de mantemento e limpeza do lugar.

1.10. XURÍDICO:

- Renovación na Subdelegación do Goberno dos permisos pertinentes para a xuntanza na Praza da Peregrina da Asamblea cidadá.
- Solventar calquera dúbida legislativa que poida xurdir no exercicio das nosas actividades.

1.11. TESOURERÍA:

O financiamento de toda actividade ou iniciativa que precise do desembolso de cartos, provén da colaboración cidadá que encontra neste xeito, a súa propia forma de contribuir co movemento.

Os encargados de custodiar estes cartos veñen levando un control transparente dos asentos, positivos ou negativos ao tempo que archivan os correspondentes xustificantes de pago.

1.12. ACTIVIDADES CULTURAIS E LÚDICAS:

- Organización de concertos.
- Talleres e eventos de lecer: actividades para rapaces, obradoiros de Taichi, Yoga, proxección de documentais e Films.

1.13. MARCHA POPULAR INDIGNAD@S:

Tal e como se está desenvolvendo noutras cidades, un grupo de cinco compañeiros de Indígnate – Pontevedra, sumouse á marcha popular que ten como fin, chegar a Madrid o día 23 de xullo, confluindo nunha gran concentración popular dos Indignad@s de todo o país.

Así mesmo, un grupo de persoas están traballando nas xestións oportunas para que aqueles cidadáns que se queiran achegar a Madrid o vindeiro día 24, podan facelo en autobuses.

1.14. Comisión Constitucional – ILP:

Encárgase da xestión de recollida de sinaturas para solicitar a reforma dos artigos 87, 92 e 166 da Constitución Española. Deste xeito preténdese aunar forzas a nivel estatal para solicitar referendos vinculantes que permitan a participación na toma de decisión en aqueles aspectos que se consideran de importancia nacional, así como propoñer reformas constitucionais e no eido de calquer outra categoría legislativa. Esta comisión traballa en pro da difusión entre a cidadanía da información relativa á ILP, a cal se pretende levar a cabo antes das eleccións do 20N.

1.15. Comisión I+D+I (Investigación + Desenvolvemento + Indignación):

Ten por obxecto implantar sistemas de xeración de enerxía (a partires de bicicletas sobre rodillo ou bombas de auga) para autoxestionar aspectos loxísticos indispensables para a posta en práctica das nosas actividades, facendo prescindible o aporte de luz e auga que facilita o Concello de Pontevedra ó tempo que nos permite a mobilidades que esixe a difusión polos diversos puntos da cidade e do rural.

1.16. Comisión de respeto:

O seu cometido é salvagardar o bo funcionamento dos grupos de traballo, recibir a xente nova para favorecer a súa integración, e resolver os conflitos que poidan xurdir mediante o uso do diálogo, promovendo sempre o respecto e a cordialidade, actuando sempre como mediadores coa función única de fomentar a concienciación e a responsabilidade dende o sentido común e a empatía, e así evitar calquera situación que poña en risco o bo funcionamento desta “revolución”.